



# A formación profesional: unha evolución acorde co sistema produtivo?

***A formación profesional convivió no noso Estado cos distintos subsistemas educativos nunha evolución un tanto vacilante, case sempre positiva, referente a dar resposta ás demandas do sistema produtivo. Ao longo deste artigo queremos posicionarnos e argumentar en favor desa “sincronía”, aínda admitindo a existencia de pequenos desaxustes, ás veces provocados por deseños curriculares mal fundamentados, por posicionamentos políticos, ou incluso polo propio recrutamento do profesorado.***

**Antonio Rial Sánchez**

Universidade de Santiago de Compostela

[antonio.rial.sanchez@usc.es](mailto:antonio.rial.sanchez@usc.es)

**Palabras clave**

Formación, traballo, cualificación, competencia, evolución.



opinión  
opinión

21

56  
eduga

Revista Galega do Ensino

Se analizamos a traxectoria histórica da FP, atopamos o seu inicio formal no Estatuto de Ensinanza Industrial de 1924. Non obstante, chégase a este momento tras unha longa etapa que arranca en 1765 coa fundación de Amigos do País, polo Conde de Peñaflorida e outros nobres da Real Sociedade Económica. A partir de aí, o Plan de ensinanza industrial de 1850, a creación das escolas de artes de 1871 e o Real decreto de 1907, tratarán de potenciar a ensinanza dos obreiros introducindo os estudos nocturnos.

*La Gaceta de Madrid* n.º 310, 5/11/1924, publicaba o devandito Estatuto, que marca o comezo dunha verdadeira formación profesional industrial adaptada aos requirimentos do traballo, e que será posteriormente complementado polo Estatuto de Formación Profesional de 1928. Ambos os dous reorganizaban o ensino profesional coa finalidade de axustalo ás demandas dos sectores económicos do momento, formando persoal obreiro, xefes de taller ou técnicos directores e enxeñeiros. Este é o feito do que partimos para ir sinalando e fundamentando os avances que experimentou a FP.

A verdadeira institucionalización destas ensinanzas arrinca, pois, nesta etapa, coa introdución de aspectos, como a planificación da formación, axustada aos avances industriais, dando cobertura ás novas profesións e ofertando un réxime mixto de formación escolar-posto de traballo. É, sen dúbida, o primeiro grande avance e xermolo da formación profesional actual, e remata a súa andaina en 1955 despois de pasar do Ministerio de Traballo Comercio e Industria ao de Instrución Pública no período da República.

A Lei da FP industrial de 1955 xorde por unha necesidade de dar resposta á transformación industrial que daquela comezaba a repuntar no noso Estado. Preséntase como

unha rama da educación que utiliza termos, como “traballador cualificado”, “ramas e especialidades”. A ensinanza combina agora teoría e práctica, achegándolle ao alumno formación cultural e científica, que permitirá dotalo de ferramentas conceptuais para poder entender sistemas de fabricación complexos e adquirir destrezas para levalos a cabo, ademais de proporcionarlles elementos para a organización e mando, no caso dos mestres industriais.

Estes estudos estruturábanse en dous niveis, “oficialía” e “mestría”, que casaban moi ben cos postos de traballo do sistema produtivo, aínda que cómpre subliñar que se cadra, debido a razóns políticas, os alumnos non facían prácticas na industria. Isto xeraba unha disfunción entre a teoría e a práctica tan precisa no escenario industrial. A realidade emendábase, en parte, coas moitas horas de “taller” que os alumnos realizaban nos centros, e tamén co bo facer dun profesorado captado, entre os máis prestixiosos profesionais do sistema produtivo, tras un rigoroso proceso de selección. De feito, o recrutamento do profesorado procedente da industria, con competencia probada, foi a acción que máis prestixio lle outorgou a este período.

Á etapa descrita debémolles moitos dos grandes cambios que neste Estado comezaron a ver a luz a partir do ano 1960. Por estas datas pónense en marcha as industrias navais e as de automoción e de produción de electricidade, que provocarían a mudanza dunha sociedade, ata entón eminentemente rural agrícola-artesanal, nunha sociedade marcadamente industrial e urbana. Moitos dos bos resultados desta lei son tamén froito dunha medida financeira que, a partir de 1954, obrigaba as empresas a doar o 1% do salario base dos traballadores para o sostemento da FP, aínda que tamén hai que recoñecer o labor da Xunta Central de FP e o apoio directo das industrias.

Nos distintos estudos de investigación que durante os últimos anos realizamos no Grupo Galego de Estudos Formación e Inserción Laboral (GEFIL) da Universidade de Santiago de Compostela, coordinado por quen subscribe este artigo, facemos fincapé en que esta etapa, xunto coa que agora estamos a vivir, son as máis frutíferas en termos de aprendizaxe e sincronía do sistema educativo e do produtivo.

## O binomio formación emprego e o papel dinamizador no desenvolvemento económico son os trazos que definen unha FP moderna

Que pasou coa FP na Lei de 1970? Dende o noso punto de vista tachámola de lei gris para a FP, sobre todo, no que se refire á excelencia que hoxe, cando menos, está en vías de se conseguir. Aínda que non dubidamos de que na súa concepción apuntaba cambios culturais e científicos para o noso país, no que respecta á formación para o traballo non os acadou. O sistema de recrutamento que permitía a entrada a alumnos que fracasaban no sistema educativo básico, o currículo cheo de contidos con pouca conexión teoría práctica, contribuíron máis ao desprestixio que ao logro de calidade e bo recoñecemento social. Pero, a pesar deste xuízo negativo, temos que subliñar que coa chegada nos

últimos anos de alumnos procedentes do BUP e coa introdución de prácticas nas empresas, o sistema mellorou moito e inclusive empezou a conseguir un certo prestixio no nivel de FP2, que posteriormente se trasladaría aos ciclos superiores que son arestora os que sustentan, certamente, o bo facer da FP.

A historia está chea de coincidencias no relativo ás características dos sistemas que foron xurdindo nas diferentes épocas históricas. Xeralmente había un predominio claro do que hoxe denominamos formación profesional inicial regrada, pero tamén se ofertaban estudos para distintas profesións e modalidades como os réximes nocturnos, que impartían todo ou parte do currículo regrado, e outras institucións que ofrecían clase de profesións singulares. Traemos isto a conto, porque a actualidade na FP retoma moitas cuestións postas en práctica xa anteriormente, aínda que salvando cada momento histórico, que como ben sabemos ten singularidades non extrapolables no tempo a todos os ámbitos, e con máis argumentos na FP, dado que esta posúe un carácter dinámico marcado sempre pola evolución tecnolóxica.

Coa promulgación da LOXSE e a visión dos 19 anos transcorridos desde aquela (3 de outubro de 1990), consideramos que a FP alcanzou a súa maioría de idade, achegándolle á sociedade os maiores froitos dende as súas orixes, e camiñando con boa saúde cara á consecución da excelencia na idade de “ouro” que está a vivir. Os feitos que motivan e fundamentan estas aseveracións son: a sintonía entre as empresas e a estruturación do subsistema formativo actual, o recoñecemento social e prestixio desta formación, a consideración como “ensinanza superior” da formación dada nos ciclos superiores, a validación de materias coas ensinanzas impartidas na



universidade, a consecución dun emprego de calidade polos alumnos que a cursan, a participación do partenariado social no seu deseño, a creación do Instituto Nacional de Cualificacións (INCUAL), a boa sintonía con Europa cos seus programas específicos, e moitos outros aspectos, que fixeron e fan posible este recoñecemento e que poidamos defender esta denominación.

### Europa e a revolución tecnolóxica

Moitos dos pasos que se foron dando para o presente logro, eran impensables hai dez ou vinte anos. Talvez este progreso e innovación se deban, fundamentalmente, a dous feitos históricos: a entrada de España na Unión Europea e a revolución informática e tecnolóxica que trastornou os medios de desenvolvemento existentes, pasando a ser o *leitmotiv* e o troco permanente nos sistemas de produción, provocando novas esixencias de cualificación e de formación *jus in time*.

Tampouco as accións se produciron dunha soa vez. Nos sistemas educativos os cambios de organización requiren mudanzas culturais profundas que son difíciles de

conseguir en lapsos non inferiores a dez anos. Aínda que aquí temos que recoñecer o grande esforzo que fixeron os mesmos profesores na súa evolución cara ás boas prácticas, e tamén a disposición dos empresarios ao asumir as responsabilidades da formación nas súas empresas.

O primeiro chanzo importante foi, sen dúbida, o Programa nacional de formación profesional, que deu pé á constitución dunha unidade ou órgano técnico de ligazón, que permitiu a coordinación das funcións atribuídas ás administracións educativa e laboral. Hai que recoñecer, así mesmo, o valor que lle imprimiu a esta reforma a participación dos axentes sociais, o establecemento do Sistema Nacional de Cualificacións, a actualización do Catálogo de títulos profesionais, o Repertorio dos certificados de profesionalidade e o establecemento dun sistema de correspondencia e validación entre a formación regrada, a ocupacional e a experiencia laboral. O impulso viuse, así mesmo, reforzado co establecemento dunha axeitada transparencia das cualificacións no ámbito europeo, e o estudo da evolución das cualificacións

a través do Instituto Nacional de Cualificacións e dos Institutos das comunidades autónomas.

Todo isto propiciou unha planificación da oferta, e a renovación dos contidos con base nos requirimentos de cualificación, tomando como referencia os perfís profesionais, definidos en termos de competencias, que permitiron ordenar a oferta en familias profesionais, ciclos formativos, módulos e/ou cursos de formación profesional. Por outra banda, os estudos sectoriais que, entre outras funcións, exploraron as dimensións económicas, tecnolóxicas, formativas e de emprego facilitaron información que permitiu identificar a dimensión cuantitativa das necesidades de cualificación, e aplicar a correspondente oferta formativa a cada sector. Esta adaptación da oferta formativa (en termos cualitativos e cuantitativos) ás necesidades de cualificación do contorno socioeconómico, constitúe un innegable indicador da calidade destes estudos. O binomio formación-emprego e o papel dinamizador da formación profesional no desenvolvemento económico rexional e local son os trazos que definen a formación profesional moderna.

Aínda que respecto ao argumentado, posiblemente estamos deixándonos levar polas boas propostas e intencións do propio plan, somos conscientes de que este logro non é total, pero tamén de que ningunha das administracións con responsabilidades neste período, deixou de avanzar cara a esa consecución.

A Lei de cualificacións de formación profesional (Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño) marca o progreso actual da FP. Se nos anos noventa considerabamos a súa posta de longo, baseándonos nos cambios, e sobre todo no xiro tocante a percepcións sociais destes ensinamentos, esta lei é a que a afianza nun sistema que acolle todas aquelas accións formativas sobre o traballo, independentemente do escenario en que se impartan. Crea, así mesmo, un Sistema Nacional de Formación Profesional e Cualificacións que dá unidade, coherencia e eficacia de cara á modernización e mellora á que se dirixen os restantes países da Unión Europea.

Os principios que orientan e guían esta lei serán o de igualdade, no acceso á formación profesional, e o de participación dos axentes sociais cos poderes públicos. Os mesmos a partir dos que se creará un Sistema Nacional de Formación Profesional e Cualificacións. Son feitos moi destacables:

- A ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditacións.

- Os fundamentos nos que se basea, entre os que salientamos o acceso en igualdade de condicións á formación profesional, en especial, daqueles grupos máis desfavorecidos.

- As cualificacións orientadas a capacitar para o exercicio de actividades profesionais, de modo que se poidan satisfacer tanto as necesidades individuais como

## A Lei de cualificacións de formación profesional integra todas as accións formativas, independentemente do escenario no que se impartan

as dos sistemas produtivos e do emprego. Os interesados reciben información e orientación axeitadas en materia de formación profesional e cualificacións para o emprego. Ao tempo incorpóranse á oferta educativa aquelas accións de formación que capaciten para o desempeño de actividades empresariais e por conta propia, así como para o fomento das iniciativas empresariais e do espírito emprendedor. Por último, avalía e acredita oficialmente a cualificación profesional calquera que sexa a forma de adquisición.

Pode dicirse, pois, que a FP actual é, dos subsistemas educativos que cohabitaban no noso Estado, o máis coherente coas demandas da sociedade.

Temos que concluir, logo, que para interpretar a FP actual hai que considerar o seu devir histórico dende unha visión positiva, mergullándonos en feitos como o bo facer do profesorado e a capacidade de adaptación-formación, que tiveron que desenvolver para dar resposta aos requirimentos de cada cambio, propiciado pola lexislación ou polas demandas que dende o mundo produtivo se lle esixían.

Cremos que é necesario seguir apostando pola evolución constante dos programas formativos, segundo os cambios que demandan os perfís, tendo en conta as profesións emerxentes e cumprindo coas novas esixencias da Lei orgánica 2/2006 (LOE). Na mesma aparece arreo o concepto de aprendizaxe ao longo da vida, como reflicte o seu artigo 5: "Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional", marcando un novo reto para os centros e os profesores, como o de poder cursar



parcialmente módulos formativos que responden a cualificacións con valor para a empregabilidade, independentemente da idade.

Temos tamén que salientar que por primeira vez se expón con rigorosidade unha integración real dos tres subsistemas de formación profesional. É unha importante evolución e melloría da FP desde os seus comezos, tanto na súa concepción como na súa organización e profesorado, ata a actualidade.

Por último, queremos destacar cales son os retos que cómpre traballar para que esa consecución de "excelencia", que non vemos lonxe, sexa real. Consideramos que se debe seguir apostando polas relacións entre as empresas e os centros responsables de formación; aproximar máis, se cabe, a formación ao traballo, creando ou consolidando novas figuras profesionais, como os titores de empresa; flexibilizar os currículos adaptándoos á evolución tecnolóxica e esixencias do mercado; axustar a oferta formativa ás demandas, comprendendo a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional. Tamén cremos que é necesario potenciar o auto emprego e a creación de empresas de carácter cooperativo entre os alumnos egresados, prestándolles apoio técnico e financeiro para poder acadar un desenvolvemento tecnolóxico, industrial e de servizos adaptado ás necesidades actuais e ao desenvolvemento sostible.



## Bibliografía

- LE BOTERF, G. (1991) *Ingeniería y evaluación de los planes de formación*. Barcelona, Gestión 2000.
- PROYECTO LEONARDO. RIAL SÁNCHEZ, A., ZABALZA BERAZA, J. e Outros (1995-1998) *The Formation in the Interprise Diagnosis of Formation Necessities Professional Profile and Strategic Formation Plan*.
- PROYECTO PETRA. RIAL SÁNCHEZ, A., ZABALZA BERAZA, J., BARBIER, M. e Outros (1991-1993) *Los aspectos cualitativos de la alternancia*.
- RIAL SÁNCHEZ, A. "La formación para el trabajo: Nuevos escenarios formativos, nuevos requerimientos de competencias y cualificaciones" (233-255) en MONCLÚS, A. (Coord.) (2000) *Formación y Empleo Enseñanza y Competencias*. Granada, Comares.
- RIAL SÁNCHEZ, A. (1997) *La Formación Profesional. Introducción Histórica, Diseño de Curriculum y Evaluación*. Santiago de Compostela, Tórculo.
- RIAL SÁNCHEZ, A. e VALCÁRCCEL, M. (Coords.) (2000) *Actas I Encontro Internacional Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo "O reto da converxencia dos sistemas formativos e a mellora da calidade da formación"*. Santiago de Compostela, Tórculo.
- RIAL SÁNCHEZ, A. e LORENZO MOLEDO, M. (Coords.) (2009) *A formación para o traballo en Galicia: da ensinanza obreira á profesional*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Consellería de Educación.
- ZABALZA BERAZA, J., RIAL SÁNCHEZ, A. e Outros (1988-1992) *La Evaluación del Programa de Prácticas en Alternancia en La Comunidad Autónoma Gallega*. Santiago de Compostela, Tórculo.